



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
 PONTEVEDRA

SAÍDA 39818 / RX 524856

Data 15/04/2016 14:08:30



Concello de Bueu
 Rúa Eduardo Vicenti, 8
 36930 Bueu

ILRO. CONCELLO DE BUEU	
REGISTRO XERAL	
20 ABR. 2016	
NUM. EXP.	SAÍDA
Núm 2812	

Exp.: 132/16
 Promotor: Concello de Bueu
 Asunto: rehabilitación de firme no camiño de San Amedio
 Documentación: proxecto de rehabilitación de firme no camiño de San Amedio, asinado polo enxeñeiro técnico Humberto Santiago García e con visado colexial do 01.02.2016
 Situación: Camiño de San Amedio, parroquia de Beluso (Bueu)
 s/ref.: Subv. 12/2016

ANTECEDENTES

- 1 O Concello de Bueu promove o expediente de rehabilitación de firme no camiño de San Amedio, parroquia de Beluso, no concello de Bueu.
- 2 Trátase dunha actuación no contorno da capela de San Amedio, ben inventariado polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provinciais e, por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 54 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.

- 3 Con data 1 de abril de 2016 emítase informe técnico pola arquitecto do Servizo de Patrimonio Cultural en Pontevedra:

“Solicítase autorización para obras de rehabilitación de firme no camiño de San Amedio, na parroquia de Beluso, concello de Bueu, na que parte do trazado no seu tramo sur discorre no contorno da capela de San Amedio, catalogada nas Normas complementarias e Subsidiarias provinciais. Por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei/8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e, de acordo co artigo 54 da devandita lei, calquera actuación que os afecte precisa da previa autorización da Consellería con competencia no patrimonio cultural.

Consta no expediente o informe técnico municipal, asinado o 8 de febreiro de 2016, que debe ser emitido atendendo ao establecido no artigo 10 do Decreto 39/2007, de 8 de marzo, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego.

Descrición das obras

As obras consisten en anovar a pavimentación do camiño de San Amedio, para o que se procederá á roza e limpeza de cunetas co eliminación da maleza vexetal, o varrido e limpeza do firme mediante medios mecánicos, a regularización do firme (eliminación de fochas) con mestura bituminosa e rego de adherencia e a dotación dunha nova capa de mestura bituminosa en quente sobre rego de adherencia, xunto co recalce ao nivel da rasante dos pozos e arquetas existentes.

Consideracións e conclusións

O camiño de San Amedio é un vial xa asfaltado que ten unha lonxitude do orde dos 300 m. e parte da Avenida Castiñeiras e non ten saída. As obras considéranse de mantemento e conservación do vial xa que se circunscriben a anovar a capa de rodadura sen modificación das súas características configuradoras (traza, seccións, pendentes...).

A capela de San Amedio localízase a unha distancia próxima aos 50 metros do inicio do camiño, na outra beira da Avenida Castiñeiras e a unha cota lixeiramente inferior, se ben redúcese a relación visual á intersección do camiño coa avenida dada a traza do vial, a presenza dunha masa arbórea a carón da capela e a existencia de edificacións en dito ámbito. Polo tanto, dada a súa disposición en relación ao rueiro non se produce incidencia da actuación ao ter en conta, así mesmo, as características da intervención indicadas.



Non se aprecian, tampouco, muros de características tradicionais nin outros elementos etnográficos que, de atoparse, deberían respectarse no sentido de deixar unha zona de amortecemento entre os mesmos e a nova pavimentación, xa que as medidas a adoptar non só deben protexer aos elementos inventariados ou de valor etnográfico das accións directas sobre os mesmos no seu ámbito, senón adecuar as actuacións nos contornos co fin de non deturpar as condicións orixinais ou características que contribúen a manter o significado de ditos bens.

Tendo en conta a tipoloxía e características da actuación e a súa relación co elemento protexido, desde o punto de vista do patrimonio cultural, considérase que se podería informar favorablemente as obras de rehabilitación de firme do camiño de San Amedio.

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellor fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida”.

- 4 A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 5 de abril de 2016, emite informe-proposta no que considera que se pode informar favorablemente sobre as obras de rehabilitación do firme do camiño de San Amedio, tendo en conta a tipoloxía e características da actuación e a súa relación co elemento protexido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o recollido nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.
 - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.
 - Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 230 do 3 de decembro).
 - Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 13 do 18 de xaneiro).
 - As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 2 Resolución do 3 de febreiro de 2012 pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).
- 3 De acordo co artigo 54 da Lei 8/1995 e cos artigos 30 e 18 das NNSSPP da provincia de Pontevedra de data 3 de abril de 1991, calquera intervención que se pretenda realizar no contorno dun ben inventariado deberá ser autorizada pola Consellería competente en materia de protección do Patrimonio, previamente á concesión da licenza municipal.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución de 3 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se delega nos xefes dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos do departamento territorial, de acordo coa Comisión territorial do Patrimonio Histórico,

RESOLVO

Autorizar a rehabilitación de firme do Camiño de San Amedio polos motivos sinalados no punto 4 do apartado ANTECEDENTES desta resolución.

118



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Fernández Ladreda, 43 – 6º
36003 Pontevedra
Tif. 986 805 543 – fax 986 805 548
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.es
http://cultura.xunta.es

galicia

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Mediante este documento notificase ao Concello de Bueu esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Pontevedra, 13 de abril de 2016

A directora xeral de Patrimonio Cultural

p.d.: Resolución do 03-02-2012

O jefe de servizo de Coordinación da Área Cultural

José Manuel González González



115